

A pomba dos anxos

Na autenticidade da sintaxe

 FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

A vida de Xesús está recollida de maneira privilexiada nos evanxeos e non poucos eséxetas cristiáns consideran que a través dos mesmos podemos achegarnos autenticamente á figura de Cristo. Con todo cómpre admitir que os evanxeos, tanto os canónicos coma os apócrifos, constitúen por si mesmos un xénero literario: son opúsculos catequísticos que refiren unha historia, pero non debemos esixirilles as caracte-

pretación cabe aplicarlle ao embarazo milagroso da “virxe” María e ao nacemento de Xesús.

Tendo en conta este contexto, resulta plenamente lexítima, mesmo desde a crítica histórica moderna, a interpretación que Bernardino Graña, unha figura central da literatura galega, nomeadamente no eido da lírica, nos ofrece, na súa primeira novela, *Protoevanxeo do neto de Herodes*, do nacemento e dos primeiros anos da vida de Xesús. En efecto,

para casala en segredo con Antíprato, fillo de Herodes, pero que milita no nacionalismo xudeu. Persuádena así mesmo de que o que leva no ventre, é semente divina e que, con Antíprato ou sen el, será nai dun príncipe prohibido. Afastada de Antíprato, fica como viúva e cásana co parente máis próximo dispoñible, que é Xosé, pai doutros fillos e que o relato presenta coma un fanático esenio e carpinteiro de sona. Xesús pois é fillo de Antíprato e en consecuencia, neto de Herodes. Un Xesús nacionalista, o liberador agardado para acabar coa helenización que impoñen os invasores romanos e cuxa concepción e nacemento é disfrazada pola imaxinación de B. Graña ou dos mesmos Evanxeos no medio dunha milagreira caterva de anxos, ata o punto de que a mesma María chega a pensar que “todos son anxos arredor de nós” e cando non é un anxo, é un paxaro, un pimpín o que os axuda e orienta.

Amentamos máis arriba a coherencia da interpretación de fai B. Graña mesmo cos postulados de crítica histórica moderna. Volvemos agora sobre o mesmo, mais desde a perspectiva de que a súa novela é obra dun creador ficcional. Un fascinador, xa que logo, que se serve de personaxes reais e acontecementos historicamente verificables. Insire pois o autor ficción na realidade e esa é a súa obriga como novelista. E a ficción, como marcador semántico, atorda todo canto toca, no senso de que o converte en ficción. Por máis que B. Graña reivindique que a súa novela está moito máis documentada que a de parecida temática de Saramago e que todo no que na mesma se di está xustificadísimo, o imperio da ficción é inexorable tal como escribía Álvaro Pombo: “tan pronto como se ficcionaliza un contexto histórico determinado, todo el por enteiro fica sometido ás leis da ficción”. Así pois, non é Protoevanxeo do neto de Herodes un libro de historia, senón unha atrevida ficción, presentada con léxico exquisito e selecto e unha auténtica sintaxe galega.

B. Graña narra o evanxeo da infancia de Xesús realizando unha reinterpretación central da Biblia, a partir sobre todo dos evanxeos apócrifos, para situar dun xeito crible e, dentro do que cabe ata normal, a figura de Cristo. Na novela e a través das figuras centrais de María e Xosé, que por certo é o que máis fala, nárranse os acontecementos que van desde o nacemento de Xesús ata que este cumpre os doce anos. O relato amósanos a María como una rapariga interna do Templo, descendente da liña de David, da que os Sumos Sacerdotes botan man

rísticas dos libros modernos de historia. Non son, xa que logo, simplemente libros de historia e a crítica histórica moderna pode aplicar os seus principios aos autores destes escritos e sorprendelos nunha flagrante transformación doutrinal dos feitos: esaxerándoos ou facéndoos máis maravillosos coa finalidade de gañar máis adeptos para a relixión que ensinan. Tal inter-



GRAÑA, Bernardino, *Protoevanxeo do neto de Herodes*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 296 páxinas